

EDUCACIÓN NA DIVERSIDADE

OBRADOIROS DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE O ENVELLECIMENTO

CONTIDOS

As persoas maiores da nosa cidade foron testemuñas e protagonistas de cambios que sucederon. Dado que estas vivencias non se recollen nos libros de texto, levouse a cabo un documental “Érase unha lembranza...” cos testemuños dos nosos maiores. Seguindo a perspectiva dese documental, elaborouse este obradoiro co que se pretende que o alumnado se achegue ao mundo da vellez dende unha visión positiva e realista, deixando de lado os estereotipos sobre esta etapa e outorgando ás persoas de idade avanzada o seu lugar na sociedade.

OBXECTIVOS

- ✦ Favorecer o entendemento entre nenos/as e persoas maiores.
- ✦ Poñer en valor a bagaxe cultural, a sabedoría e a experiencia de vida das persoas maiores.
- ✦ Coñecer os tipos de envellecemento e os cambios físicos e psicolóxicos que se dan nesta etapa da vida.
- ✦ Romper con estereotipos que representan ás persoas maiores (edadismo).
- ✦ Fomentar a identificación do alumnado coas vivencias das persoas maiores cando tiñan a súa idade.

PERSOAS DESTINATARIAS : 5º e 6ª de educación primaria.

Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: un grupo/aula por obradoiro.

DATAS DE EXECUCIÓN: de outubro a maio

DURACIÓN: lectivo. catro sesións de 50 minutos por obradoiro.

LUGAR DE REALIZACIÓN: centros educativos de Narón.

OBRADOIROS DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE A DIVERSIDADE FUNCIONAL

CONTIDOS

O termo diversidade funcional comeza a usarse no ano 2005 por iniciativa de persoas con esta afectación, agardando que substituíse outros termos máis pexorativos, tales como “discapacidade” ou “minusvalía”.

Con este obradoiro preténdese que o alumnado coñeza a realidade das persoas con esta condición e os principais cambios históricos que se deron ao redor dela, así como os tipos de diversidade, os problemas cos que se poden atopar estas persoas e os recursos que ofrece a sociedade. Na última sesión, visitáranos unha persoa con diversidade funcional pertencente a alguha das asociacións locais, duante a sesión a as persoas visitantes presentarán a súa historia ao alumnado.

OBXECTIVOS

- ✘ Desenvolver a empatía do alumnado cara á diversidade funcional.
- ✘ Achegar ao alumnado a diversidade funcional, a súa historia e os seus tipos.
- ✘ Romper estereotipos ao redor das persoas con diversidade funcional.
- ✘ Ensinar a forma correcta e solidaria de actuar ante unha persoa con diversidade funcional
- ✘ Potenciar e valorar as capacidades das persoas fronte ás limitacións.

PERSOAS DESTINATARIAS : 5º e 6º de educación primaria.

Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: un grupo/aula por obradoiro.

DATAS DE EXECUCIÓN: de outubro a maio

DURACIÓN: lectivo. catro sesións de 50 minutos por obradoiro.

LUGAR DE REALIZACIÓN: centros educativos.

